

PROBA DE LINGUAXE MUSICAL:

A proba estará composta polos seguintes apartados:

1. Lectura rítmica. Exercicios en clave de sol e fa en 4ª, que incluírán as dificultades propias do 1º curso de Grao Elemental.
2. Entoación. Exercicios que incluírá as dificultades propias do 1º curso de Grao Elemental. Ditos exercicios realizaranse con acompañamento pianístico. Ao alumno/a se lle dará o acorde de tónica e a escala antes da súa realización e apoiarse co piano durante a realización.
3. Ditado. En Do M, que incluírá as dificultades rítmico- melódicas propias do 1º curso de Grao Elemental.
4. Teoría. Realización de exercicios de teoría cos contidos propios do curso de 1º G.E.

Criterios de avaliación

1. Ler fragmentos rítmicos na clave de sol e fa en 4ª, nun tempo establecido, mantendo o pulso, executando as fórmulas rítmicas con corrección, e nomeando correctamente as notas.
2. Entoar afinadamente as melodías propostas, nomeando as notas e mantendo correctamente o pulso.
3. Recoñecer a través da audición dun fragmento rítmico- melódico, os movementos melódicos e as fórmulas rítmicas, e reproducilo graficamente con corrección.
4. Realizar con corrección os exercicios teórico- prácticos sobre os elementos rítmicos, melódicos, expresivos e formais solicitados.

Criterios de cualificación e promoción

Cada un dos catro apartados puntuarase de 0 a 10 puntos, debendo o alumno superar, en cada un deles, os coñecementos mínimos requiridos polo tribunal. A nota final obterase mediante a seguinte media ponderada:

1. Lectura rítmica 35%
2. Entoación 20 %
3. Ditado 20%
4. Teoría 25%

Para superar a proba, o alumno/a deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5.

IMPORTANTE:

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.

PROBA DE VIOLÍN

O alumno deberá levar 2 obras de libre elección, podendo escoller entre as que a continuación se citan ou outras de semellante nivel. Deberá, asemade, interpretar un fragmento a primeira vista elixido polo tribunal.

LISTADO DE OBRAS ORIENTATIVO

- SUZUKI – Libro 1
- CHANTS ET MORCEAUX – Libro 1.
- LE PETIT PAGANINI, E. van de Velde .

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- 1.- Correcta colocación do instrumento e do arco e coordinación de ambos os brazos conseguindo tocar con seguridade e relaxación.
- 2.- Emprego de todo o arco e dos catro dedos da man esquerda.
- 3.- Correcta afinación.
- 4.- Producción dun son de calidade.
- 5.- Interpretar fragmentos ou pezas curtas de memoria empregando os conceptos técnicos adquiridos

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Fidelidade á partitura, fluidez e precisión rítmica: (ata 4 puntos)
- Estilo, expresión e fraseo: (ata 3 puntos)
- Son e técnica: (ata 3 puntos)

IMPORTANTE:

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.